

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 19 de decembro de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2023, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG300H).

BDNS (Identif.): 665721.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios os organismos intermedios de carácter empresarial de Galicia. Entenderanse como tales, para efectos destas axudas:

a) Entidades con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, que pertencen a unha das seguintes categorías: asociacións empresariais, fundacións empresariais ou universidade-empresa, clústeres empresariais ou *hubs* de innovación dixital ao abeiro da Estratexia galega de HID.

b) Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica domiciliados en Galicia e que estean inscritos no rexistro establecido para o efecto polo Ministerio de Ciencia e Innovación (Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros, BOE núm. 20, do 23 de xaneiro de 2009).

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto incentivar a creación de espazos de encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implementación de ferramen-



tas colaborativas sectoriais nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade ou a loxística avanzada, ou ben oportunidades de hibridación intersectorial.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 19 de decembro de 2022 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2023, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG300H).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.A1.741A.7810 e cos seguintes importes e distribución plurianual: 300.000 € con cargo ao ano 2023 e 300.000 € con cargo ao ano 2024.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e ata as 14.00 horas do día en que se cumpra o devandito prazo dun mes.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2022

Patricia Villajos Grande
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

